

**NOTA DE PRENSA 029/23
30 DE MAIO DE 2023**

**MÁIS DE 100 ALUMNOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL ESTIVERON
PRESENTES NA SEGUNDA PARADA EN PONTEVEDRA DE “FGA NAS AULAS”**

A Federación Galega de Automobilismo (FGA) celebrou este martes 30 de maio no CIFP A Xunqueira de Pontevedra a segunda parada do programa “FGA nas Aulas”, que procura aportar aos alumnos da Formación Profesional unha visión clara sobre as alternativas profesionais dentro do mundo da competición automobilística.

Nesta segunda quenda de charlas os invitados foron Alberto Meira (Campión Galego de Rallyes e Subcampión de España); Jorge Pérez Oliveira (Subcampión da Copa de España de Rallyes de Asfalto); Álvaro Castro Laíño (participante no Volante FGA); Miguel Álvarez (Presidente da Escudería Pontevedra 1984) e Nando Adán (Vocal da FGA), que expuxeron a súa experiencia ante os máis de 100 asistentes no auditorio do centro.

Os temas tratados foron dende os comezos no mundo da competición, un pequeno resumo do que vai de tempada e incluso as necesidades que teñen de persoal especializado para as súas empresas e equipos de competición.

Despois do acto, os estudantes e invitados saíron ao exterior do recinto, onde estiveron expostos o Opel Adam R2 de Racing Stage Services, o Fórmula de Alexis Vieitez, becado pola FGA en Rallyes, o Citroën Saxo de Álvaro Castro Laíño e o Peugeot 106 de Joaquín Pérez. Nesta parte, os pilotos explicaron os pormenores dos vehículos aos alumnos, que non deixaron de facer fotografías de recordo.

En total foron case dúas horas de actividade e convivencia para achegar o mundo da competición aos estudantes, nun programa que visitará Lugo e Ourense nos meses vindeiros.